



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Traballo Fin de Mestrado	Código	613584124	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Caparros Esperante, Luis Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Ledo Martínez, Jorge Lopez Fernandez, Maria Teresa Lourido Hermida, Isaac Martinez Pereiro, Carlos Paulo Paz Gago, Jose Maria Pena Sueiro, Nieves Samartin López-Iglesias, Roberto Valcarcel Lopez, Maria Eva Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es j.ledo@udc.es t.lopez@udc.es isaac.lourido@udc.es carlos.pereiro@udc.es jose.maria.paz.gago@udc.es nieves.pena.sueiro@udc.es roberto.samartin@udc.es eva.valcarcel@udc.es carlos.vizcaino@udc.es	
Web	www.udc.es/filo/mlcd			
Descrición xeral	O traballo fin de mestrado debe reflectir a aprendizaxe d@ estudante no MÁSTER: o estudante, aplicando os saberes, ferramentas e destrezas adquiridas nas materias cursadas, probará a súa capacidade para realizar e defender un traballo sobre unha das liñas de investigación ofertadas. O traballo será realizado de forma individual polo estudante baixo a supervisión dun profesor titor ou de dous, que levarán a cabo a tutela coordinadamente.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Sen modificacións nos contidos fixados.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantéñense todas as metodoloxías previstas inicialmente.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Non se modifica ningunha das metodoloxías previstas inicialmente.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Toda a información e a documentación relativa á realización do TFM estará accesíbel para o/a estudante. Teams, en horario e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado. Correo electrónico a demanda do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se contemplan modificacións na avaliación</p> <p>*Observacións de avaliación: As actividades propias do TFM serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificultades para o acompañamento do TFM durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos de conexión (internet), de medios (PC, tablet, móbil etc.), quer por necesidades ou limitacións de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos etc.) deberá contactar co profesorado no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas todas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias a cada caso particular.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Serán disponibilizados todos os materiais bibliográficos necesarios para o acompañamento e a realización do TFM.</p>
-----------------------------	---

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A5	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro



B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico
C9	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
O alumno será capaz de demostrar que coñece as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.	AM5 AM7	BP3 BP7	CM1 CM2
Extender e ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM6 AM9 AP1 AI1 AI2 AI3	BP4	C13
Relacionar os estudos literarios cun contexto cultural extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural	AM1 AM2 AM3	BM3 BP1 BP2	CM3 CM4 CM5 CM6 C11
Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais	AM1 AM8	BM3 BP1 BP3 BP5 BP7	CM1 CM2 CM5 CM6 C12 C13

Contidos	
Temas	Subtemas



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A5 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8 C9	2	298	300
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A/o alumna/o traballará autonomamente, mais sempre baixo a tutela da/do docente que desenvolva o labor de titorización, quen orientará e dirixirá a súa investigación; a/o estudante, xa que logo, ha de manter de maneira regular contacto co/a titor/a, a quen corresponde dar e prace para que o traballo poida ser defendido públicamente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A/o estudante acudirá ao despacho do/da profesor/a tantas veces como precise ou cando sexa requerido polo titor/a, ao ser esta persoa que se vai ocupar de supervisar o avance do traballo, así como de comentar e corrixir tanto os aspectos formais (desde a expresión até a organización), como os referidos aos contidos e á metodoloxía; é ao/a titor/a a quen corresponde, en definitiva, a responsabilidade de dar o visto e prace para a inscrición e a presentación do traballo de fin de mestrado.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A1 A2 A3 A4 A5 A6 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C2 C3 C4 C7 C5 C6 C8 C9	Dentro das liñas de investigación que se oferten, a/o alumna/o poderá escoller aquela que máis lle interese, o cal a/o ligará tamén a un/unha determinado/a titor/a. Xa que a/o estudante se está a iniciar na investigación é fundamental o labor tutorial da/do docente, quen deberá orientar o seu alumnado nas distintas fases de elaboración do traballo d fin de mestrado, desde o plantexamento do proxecto inicial até a súa conformación final, proporcionándolle a axuda que precise en cada momento.	100

Observacións avaliación

O traballo fin de mestrado só pode ser presentado públicamente se o estudante supera todas as materias do mestrado. Presentarase, nun acto público, diante dun tribunal que estará composto por tres membros.

O estudante ha de axustarse as pautas que se establezan para a presentación do traballo fin de mestrado, tanto no que toca á presentación escrita (estrutura, extensión, formato...) como a súa defensa pública; detallaranse estas indicacións coa suficiente antelación.

Fontes de información

Bibliografía básica	Será o/a titor/a quen facilite á/o estudante a bibliografía pertinente.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías